

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 07 DE NOVEMBRO DE 2008.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E VINTE MINUTOS** do día **SETE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **D<sup>o</sup> GERARDO LAZARA MOREDA** e do Secretario acctal. da Corporación **DON DAVID GARCÍA LAREO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**2º.- CONTRATACIÓN.-**

**3º.- SUBVENCÍONS.-**

**4º.- URBANISMO.-**

**5º.- INTERVENCIÓN.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**1.1.-** Dase conta do informe da Policía Local nº 381/08, de data 31 de outubro de 2008, sobre inspección realizada en relación á denuncia en materia de prevención de incendios formulada por D<sup>o</sup> Eligio Abeledo Fernández contra D<sup>o</sup> José Rozados Fernández por incumprimento da Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención contra incendios forestais de Galicia, en finca situada nas proximidades do inmovible nº 23 do lugar de Sanfiz, parroquia de Margaride (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente mencionado por unanimidade acorda requerir a D<sup>o</sup> José Rozados Fernández para que, no prazo de trinta días naturais execute os traballos de prevención, adveríndolle da facultade do concello da realización de execución subsidiaria ou ben forzosa, mediante a imposición de multas coercitivas, facultades reguladas, respectivamente, no artigo 22.2 da Lei 3/2007 e no artigo 199 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medido rural de Galicia. Asimesmo, transcurrido o prazo, deberase realizar unha nova inspección por parte da Policía Local co obxecto de constatar se lle deu o non cumprimento a este

requerimento.

**1.2.-** Dase conta do informe da Policía Local nº 380/08, de data 31 de outubro de 2008, en relación á denuncia presentada pola Garda Civil do posto de Vila de Cruces contra Dº Ramón Luis Vila Durán, con domicilio en callobre (A Estrada), por infracción da Lei 1/1993 consistente na tenencia de un perro sin ter implantado o microchip identificativo regulamentario nin a cartilla sanitaria actualizada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir copia deste informe á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

**1.3.-** Escrito da Academia Galega de Seguridade, Rexistro de Entrada nº 5783, de data 07 de novembro de 2008, remitindo circular sobre cursos ou actividades de formación de car o vindeiro ano 2009.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito á Policía Local.

**1.4.-** Escrito de COGAMI, Rexistro de Entrada nº 5777, de data 07 de novembro de 2008, comunicando a modificación de denominación da entidade, anteriormente Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI), pola actual denominación de Confederación galega de Persoas con Discapacidade, polo que solicita que tódolos documentados vinculados a esta entidade teñan a nova denominación.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.5.-** Escrito da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual-Secretaría Xeral de Comunicación, Rexistro de Entrada nº 5778,d e data 07 de novembro de 2008, comunicando que o cesamento das emisións de televisión analóxica e a substitución pola Televisión Dixital Terrestre no ámbito territorial abarcado polo Concello de Silleda, ten como data concreta para o cesamento das emisións analóxicas e acendido dixital o vindeiro 01 de xullo de 2009, e co obxectivo de promocionar información a todos os veciños tense previsto a celebración dunha xuntanza informativa a celebrar o vindeiro día 16 de decembro de 2008 no Concello de Silleda.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.6.-** Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 5768, de data 07 de novembro de 2008, remitindo copia da ficha de Inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia do xacemento descuberto recentemente no lugar de Pazos, parroquia de Oleiros, ao que se lle denominou Castro de Casanova, para coñecemento e inclusión no novo planeamento urbanístico.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito á Concelleira de Urbanismo.

**1.7.-** Dase conta do informe da Policía Local nº 386/08, de data 06 de outubro de 2008, sobre a solicitude presentada por Dª Ana Fernández López, para parada de autobús

escolar na rúa Progreso-Cruce rúa do Cine (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir expediente completo á delegación provincial da Consellería de Educación.

**1.8.-** Escrito de Espina y Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 5243, de data 09 de outubro 2008, de relación de solicitudes de abastecemento e saneamento recibidas durante o mes de outubro de 2008 e que se relacionan a continuación:

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Blanco Framiñan Cesareo	Lg. Cabodevila, 6 Bj (Vilar)
Pereiro Taboada María Dolores	Avda. do Parque, 30-2C (Silleda)
Méndez Neira Gerardo	Rúa Sta. Eulalia, 9-2B (Silleda)
Supermercados prieto Froiz S.A.	Rúa Emilio Alonso Paz, 7 Bj (Silleda)
González Castro Silvia	Rúa Venezuela, 59 Bj (Silleda)
González Pérez Jesús	Rúa Alfonso Trabazo, 19-1D (Silleda)
Erazo Ruiz Teresa	Rúa Do Parque, 19-3A (Bandeira)
Lievano Díaz Nestor David	Rúa Do Parque, 19-3C (Bandeira)
Estupiñan Rodríguez Cruz	Rúa Do Parque, 19-2A (Bandeira)
Pereiro Muiños Andrés	Rúa venezuela, 8 Bj (Silleda)
Maril Lázara José Antonio	Rúa D, 8-4D (Silleda)
Rivas Iglesias Manuel	Lg. San Fiz, 41-Bar (Margaride)
González Sánchez Javier	Rúa D, 8-1A (Silleda)

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar as solicitudes de abastecemento e saneamento anteriormente mencionadas.

**1.9.-** Dase conta pola Sra. Alcaldesa dos convenios asinados urbanísticos de execución de cerres e valados en terreos e solares para aparcamentos públicos seguintes:

Data convenio	Propietario/Titular	Ubicación solar
16.09.08	D <sup>a</sup> Gloria Lago Parceros	Rúa da Feira, 10 (Bandeira)
23.10.08	D <sup>o</sup> José Segade Quintillán	Avda. do Parque, 43 (Silleda)
23.10.08	D <sup>o</sup> Carlos García Fernández	Rúa da Feira, nº 6 (Bandeira)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada deste Convenio e dar traslado do mesmo o Concelleiro de Obras.

**1.10.-** Escrito de Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 5725, de data 05 de

novembro de 2008, remitindo informe da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Silleda, correspondente ó Terceiro Trimestre de 2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada deste escrito e dar traslado do mesmo ó Fontanero Municipal.

**1.11.-** Escrito de D<sup>a</sup> Fe M<sup>a</sup> Pereiro González, Rexistro de Entrada nº 5716, de data 05 de novembro de 2008, solicitando informe urbanístico no que se especifique se existe algún tipo de afectación relacionada coa posible ampliación da estrada N-525, respecto tanto a súa vivenda no lugar de Taboadavella, nº 25, parroquia de Taboada (Silleda) como do terreo existente entre a devantita vivenda e a vía de referencia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Unidade de Carreteras do Estado en Pontevedra.

**1.12.-** Escrito da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), Rexistro de Entrada nº 5711, de data 04 de novembro de 2008, remitindo información sobre a “Asociación Nacional de Municipios con Instalaciones de Energías Renovables”.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.13.-** Escrito do Servizo do ORAL da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, rexistro de Entrada nº 5694, de data 04 de novembro de 2008, solicitando informe sobre o recurso presentado por D<sup>o</sup> Juan Ramón Villaverde Canpos referente ás taxas de lixo, con obxecto tributario rúa Xeral, nº 41B de Bandeira (Silleda), solicitando a baixa de recibo de lixo por cese de actividade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Policía Local para que procedan a emitir informe.

**1.14.-** Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 5688, de data 04 de novembro de 2008, comunicando a apertura das comportas das praias fluviais do Concello.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.15.-** Escrito do Servizo de Interior e Administración Local - Consellería de Persidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Rexistro de Entrada nº 5689, de data 04 de novembro de 2008, solicitando informe sobre licencia de apertura dos seguintes locais: ATLY sito na rúa Xeral, nº 23 de Bandeira e EXILETA sito na rúa venezuela, nº 32 de Silleda, así como aforo, titular, ...

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Departamento de Urbanismo para que remitan a información solicitada polo Servizo de Interior e Administración Local.

**1.16.-** Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e

Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 5668, de data 04 de novembro de 2008, expediente DH.B36.14020 a nome de María Jesús Presas Barros, remitindo resolución de data 31 de outubro de 2008 de concesión dun caudal de auga de 0,01 l/s procedente dun pozo, situado no polígono 508, parcela 908, no lugar de Freixeiro, nº 3, parroquia de Laro (Silleda), con destino a usos domésticos e rega.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.17.-** Escrito de Dº Jaime Silva González, rexistro de Entrada nº 5735, de data 06 de novembro de 2008, solicitando certificación relativa á vixencia e executividade da licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local do Concello, en sesión de daat 23 de agosto de 2006, para canalización de augas para usos domésticos e alimentación de gando ó sureste do núcleo de Fiestras ata o lugar de Recimil, parroquia de Fiestras (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado a Secretaria deste escrito para que proceda a emitir o certificado solicitado.

## **2º.- CONTRATACIÓN.-**

Non hai asuntos que tratar.

## **3º.- SUBVENCIONS.-**

**3.1.-** Escrito da dirección Xeral de Conservación da Natureza - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 5772, de data 07 de novembro de 2008, comunicando que en relación a solicitude de subvención ó abeiro da Orde de 6 de xuño de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a programas de accións de concellos incluídos na Rede Natura 2000, e a súa convocatoria para o ano 2008, o Director Xeral de Conservación da Natureza resolveu, con data 27 de outubro de 2008 a concesión dunha axuda polo importe de 7.800 € para a realización da acción “Sinalización e conservación sendeiro” cunha distribución de 2.772,90 € para o ano 2008 e 5.027,10 € para o ano 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aceptación desta subvención.

## **4º.- URBANISMO.-**

**4.1.-** Escrito de Dª María José Fondevila Fondevila, Rexistro de Entrada nº 5662, de data 03 de novembro de 2008, solicitando diversa documentación compulsada relativa á licenza de obra otorgada a Dº Orlando Jorge Trinidad dos Santos, na finca nº 271 do polígono 2 do plano de concentración parcelaria de Saidres-Carboeiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este expediente á oficina técnica e procedan a remitir o solicitado.

#### 4.2.- Actividades Clasificadas:

**4.2.1.-** Licencia N° 7649/07. Visto o expediente instruído a instancia de COESCO DEZA, S.L., solicitando Licencia para legalización dun local para dedicalo a oficinas, a situar na rúa Emilio Alono Paz, n° 10 baixo (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 22 de outubro de 2008, (Rexistro de Entrada n° 5675 de data 04.11.08) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, s.c.d., produción de ruidos, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Previa a concesión da licenza de actividade definitiva, a empresa contará coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. A traballar coas portas e fiestras pechadas. Tódolos residuos xerados pola actividade se xestionarán con xestores autorizados, segundo a súa tipoloxía, e de acordo coa normativa vixente. Cumprimento da normativa vixente en materia de contaminación acústica, e en particular a ordenanza de ruidos do concello.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenza a exercer a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

**4.2.2.-** Licencia N° 2841/08. Visto o expediente instruído a instancia de D° GONZALO RIVAS PARDO, solicitando Licencia para apertura de local para dedicalo a axencia de seguros, a situar na rúa Estrada da Estación, n° 24 baixo (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 27 de outubro de 2008, (Rexistro de Entrada nº 5622 de data 31.10.08) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, s.c.d., produción de ruidos, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Previa a concesión da licenza de actividade definitiva, a empresa contará coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. A traballar coas portas e fiestras pechadas. Tódolos residuos xerados pola actividade se xestionarán con xestores autorizados, segundo a súa tipoloxía, e de acordo coa normativa vixente. Cumprimento da normativa vixente en materia de contaminación acústica, e en particular a ordenanza de ruídos do concello.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

**4.2.3.-** Licencia Nº 2916/08. Visto o expediente instruído a instancia de Dº Manuel Cuiña, en representación da EMPRESA CUIÑA S.L., solicitando Licencia para construción dunha nave industrial para gardería de autobuses, a situar nas parcelas números 1 e 3 da maza nº 4 do Parque Empresarial Área 33 (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 30 de outubro de 2008, (Rexistro de Entrada nº 5645 de data 03.11.08) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como perigosa, c.d. 722, existencia de líquidos inflamables, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Previa a concesión da licenza de actividade definitiva, a empresa contará coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. A cualificación faise ós solos efectos medio ambientais e sen perxuízo da legalidade urbanística vixente. A traballar coas portas e fiestras pechadas. Tódolos residuos xerados pola actividade se xestionarán con xestores autorizados, segundo a súa tipoloxía, e de acordo coa normativa vixente. Cumprimento da normativa vixente en materia de contaminación acústica, e en particular a ordenanza de ruídos do concello. Instalar separador de graxas, debidamente dimensionado, previo ó entronque co sumidoiro, para as augas hidrocarbúricas procedentes dos posibles verquidos xerados polos vehículos e a actividade de garaxe, segundo memoria e planos.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercer a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

**4.2.4.-** Licencia nº 2308/05. Visto o expediente instruído a instancia de D<sup>a</sup> DELFINA VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, solicitando Licencia de actividade para apertuar de local para adicalo a café-bar, a situar na rúa Iryda, nº 5-baixo en Bandeira (Silleda).

Visto que, por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de 01 de decembro de 2005, se concede licenza provisional de actividade á licenza de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercer a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva.



Visto que, polo interesado se presenta certificación final de obras asinada polo Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez, de data 23 de outubro de 2006, (Rexistro de Entrada nº 4449, de 26.10.08).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido polo Asesor Técnico Municipal, de data 04 de novembro de 2.008, acorda a concesión de licencia de actividade a Dª DELFINA VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, para apertuar de local para adicalo a café-bar, a situar na rúa Iryda, nº 5-baixo en Bandeira (Silleda).

**4.2.5.-** Licencia Nº 1093/08. Visto o expediente instruído a instancia de Dº Juan Manuel Estévez Pazos en representación de TÉCNICA OFIGESTIÓN, S.L., solicitando Licencia de actividade correspondente a apertura de local para dedicalo a correduría de seguros, a situar na rúa Xeral, nº 96 baixo (Silleda).

**RESULTANDO:** Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal

**RESULTANDO:** Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 21 de xullo de 2008, (Rexistro de Entrada nº 3998, de data 31 de xullo de 2008) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, S.C.D. e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.

**RESULTANDO:** Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

**CONSIDERANDO:** Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenza a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

**4.2.6.-** Licencia nº 1094/06. Visto o expediente instruído a instancia de SAT

MEIJOMENCE, solicitando Licencia de actividade para almacén de maquinaria agrícola e tres silos forraxeiros, a situar na finca nº 38 polígono 1 do plano de concentración parcelaria de Siador, nas proximidades do lugar de Cóscaros, parroquia de Siador (Silleda).

Visto que, por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de 02 de setembro de 2.008, se concede licenza provisional de actividade á licenza de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Dirección Xeral de Urbanismo, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva.

Visto que, polo interesado se presenta certificación final de obras asinada polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Dº Brais Vázquez Rey, de data 19 de setembro de 2008, (Registro de Entrada nº 4987, de 26.09.08), e visado en data 22 de setembro de 2008, nº 1340/08.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido polo Asesor Técnico Municipal, de data 05 de novembro de 2.008, acorda a concesión de licenza de actividade a SAT MEIJOMENCE, para almacén de maquinaria agrícola e tres silos forraxeiros, a situar na finca nº 38 polígono 1 do plano de concentración parcelaria de Siador, nas proximidades do lugar de Cóscaros, parroquia de Siador (Silleda).

**4.2.7.-** Licencia nº 2467/07. Visto o expediente instruído a instancia de SUPERMERCADOS PRIETO FROIZ, S.A., solicitando Licencia de actividade para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a supermercado, a situar na rúa Emilio Alonso Paz, nº 7 (Silleda).

Visto que, por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de 26 de maio de 2.008, se concede licenza provisional de actividade á licenza de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva.

Visto que, polo interesado se presenta certificación final de obras asinada pola Arquitecto Técnico Dª Araceli Fernández Pena, de data 03 de xuño de 2008, (Registro de Entrada nº 2974, de 11.06.08), e visado en data 11 de xuño de 2008.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, visto o informe emitido polo Asesor Técnico Municipal, de data 05 de novembro de 2.008, acorda a concesión de licenza de actividade a SUPERMERCADOS PRIETO FROIZ, S.A., para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a supermercado, a situar na rúa Emilio Alonso Paz, nº 7 (Silleda).

### **4.3.- Licencias de Obra Maior:**

**4.3.1.-**A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico, e coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licenzia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: D<sup>a</sup> Aurea Sanda López, con domicilio en Negreiros, nº 7 (Silleda)
- b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ:  
Rehabilitación de vivenda unifamiliar.
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Lugar de Outeiro, nº 17, parroquia de Negreiros (Silleda).
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS:  
Arquitecta Técnica D<sup>a</sup> Paula Fernández Pena.
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 24.149,84  (execución material)
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados nos informes do asesor técnico municipal, de data 13 de marzo de 2007, así como as indicadas pola Dirección Xeral de Urbanismo de data 04 de xullo de 2008, Rexistro de Entrada nº 3625 de 09.07.08, no que se sinala:

*“concédese autorización previa á concesión de licenzia municipal, sinalando que, de conformidade co previsto no artigo 42.1e) da Lei 9/2002, a perso interesada fará constar no rexistro da propiedade, a vinculación da total superficie real do predio á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade que a continuación se relacionan:*

- titular do predio: *Aurea Sanda López*
- superficie do predio: *410 m<sup>2</sup>.*
- Ref. Catastral do predio: *36052H501000680000ZT*
- uso autorizado: *Vivenda unifamiliar.*
- superficie edificable existente: *41,45 m<sup>2</sup>*
- ocupación existente: *41,25 m<sup>2</sup>*
- altura máxima: *3,87 m”*

g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licenzia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licenzia e data da licenzia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licenzia 35/07.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04  (informe técnico) e 543,37  (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

**5º.- INTERVENCIÓN.-**

**5.1.-** Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00067-08, de data 10 de outubro de 2008, ascendendo a mesma a un importe total de 1.906,50 € (Relación en Anexo adxunto).

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e trinta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario acctal., dou fe.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO acctal.,